

ACTA SESIÓN PLENO EXTRAORDINARIO E URGENTE

18 DE ABRIL DE 2023

No Salón de Plenos da Casa Consistorial de Ribeira, sendo as **vinde horas e quince minutos do martes 18 de abril de 2023** (*previamente efectuada a convocatoria polo Alcalde Manuel Ruiz Rivas o 14-04-2023*) reuníronse en primeira convocatoria e baixo a presidencia do Alcalde-Presidente os membros do Pleno enumerados a continuación (baixo a modalidade de “presencial” ao abeiro do previsto no artigo 46.2 da Lei 7/85, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, coa fin de celebrar pleno extraordinario e urgente.

Partido Popular (PP)

- 1.-Manuel Santos Ruiz Rivas, alcalde-presidente
- 2.-María José Sampedro Fernández
- 3.-Ramón José Doval Sampedro
- 4.-Manuel Emilio Pérez Outeiral
- 5.-Ana Isabel Barreiro Rego
- 6.-Victor Reiriz Lampón
- 7.-Juana María Brión Santamaría
- 8.-Elvira Pereira Ageitos.
- 9.-Javier Ventura Sampedro Ageitos

Partido Barbanza Independiente (PBBI)

- 1.-Vicente Mariño de Bricio
- 2.-María Herminia Pouso Maneiro
- 3.-Tania Redondo Fernández.
- 4.-Emilio Andrés González Regueira.
- 5.-Gerardo Pardavila Fernández.
- 6.-Asier Casais Álvarez
- 7.-José Ángel Silva González

Partido dos Socialistas de Galicia-Psoe (Ps de G-Psoe)



- 1.-José Manuel Vilas Álvarez
- 2.-José Manuel Suárez Puerta Sirgado.

Bloque Nacionalista Galego (B.N.G)

- 1.-Luis Antonio Pérez Barral
- 2.- María Cruz Rivadulla Márquez

Suma Ribeira (SR)

- 1.-Xurxo Ferrón Vidán

A Corporación está asistida polo **Sr. Secretario** deste Concello, **D. Juan Manuel Salguero del Valle**, que dá fe do acto

Asiste igualmente o **Sr. Interventor. D. Pablo Bao Castro**.

Acto seguido ábrese a sesión polo Sr. alcalde-presidente e tratáronse os seguintes asuntos engadidos na orde do día:

1.- RATIFICACIÓN URXENCIA DA SESIÓN.

Aberta polo Sr. alcalde-presidente a Sesión e en cumprimento do disposto nos artigos 21.1.c), 21.3 e 46 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, 77 a 90 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais aprobado por Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, 15 a 18 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público e a Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, procédese a consultar ó Pleno da Corporación sobre o seu pronunciamento en relación coa ratificación da urxencia da Sesión, co seguinte resultado:

-VOTOS A FAVOR: 12 (9 PP, 2 BNG, 1 MIXTO-SUMA RIBEIRA)

-VOTOS EN CONTRA: 9 (7 PBBI, 2 PSG-PSOE)

-ABSTENCIÓNS: 0

Polo que o Pleno da Corporación acorda por **maioría absoluta** dos seus membros presentes ratificar a urxencia da Sesión.

2.-APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DO PLENO ORDINARIO DE 27 DE MARZO DE 2023.



Preséntase para aprobación esta acta:

-Acta do **Pleno ordinario** celebrado o **27 de marzo de 2023**.

En cumprimento do disposto no **artigo 91.1 do Real Decreto 2568/86, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais (ROF)**, e o **artigo 109 do Regulamento Orgánico da Cidade de Ribeira**, o **Sr. alcalde-presidente** pregunta ós/ás Sres./as concelleiros/as se teñen que formular algunha observación a acta correspondente á **sesión ordinaria** do día **27 de marzo de 2023**.

Sen observacións, e sen votación expresa.

O **Sr. alcalde-presidente (grupo m. P.P.)** dí que se aproba a acta por unanimidade dos membros presentes.

Resulta aprobada por **asentimento** dos membros presentes este acta do pleno:

-Acta do **Pleno da sesión ordinaria** celebrada o **27 de marzo de 2023**

3.-APROBACIÓN LÍMITE DE GASTO NON FINANCEIRO

Dase conta e lectura ao Pleno da Corporación dun ditame da Comisión Informativa de Facenda, Economía, Patrimonio e Especial de Contas de data 13 de abril de 2023 sobre a base dunha proposta da Alcaldía de data 12 de abril de 2023 e que é do seguinte tenor literal:

“PROPOSTA DE ALCALDÍA

Visto que o artigo 30 da Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sustentabilidade Financeira, establece que as Corporacións Locais aprobarán, no seu ámbito, un límite máximo de gasto non financeiro, coherente co obxectivo de estabilidade orzamentaria e a regra de gasto, que marcará o teito de asignación de recursos dos seus Orzamentos.

Visto o proxecto de Orzamentos do Concello de Ribeira para o ano 2023.

Visto o informe de Intervención, aos efectos meramente informativos, debido a suspensión das regras fiscais para os anos 2020, 2021, 2022 e 2023.

Visto que o importe máximo de gasto non financeiro coherente co obxectivo de estabilidade orzamentaria é de 33.089.495,48 euros e que o importe máximo de gasto non financeiro coherente co obxectivo de regra de gasto é de 32.791.713,38 euros,

Esta Alcaldía propón ao Pleno do Concello de Ribeira o seguinte:

PRIMEIRO.- Establecer como límite máximo de gasto non financeiro nos Orzamentos iniciais para 2023 a cantidade de 32.791.713,38 euros.

En Ribeira, á data da sinatura dixital



O Alcalde,

Manuel Ruiz Rivas

Enterados/as os/as Sres/as concelleiros/as do contido do ditame, rematadas as **intervencións** nos termos que obran no **arquivo audiovisual** que incorpórase á presente acta como parte integrante da mesma en cumprimento do disposto no DECRETO 24/2018, DE 15 DE FEBREIRO, DA VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓN PÚBLICAS E XUSTIZA, SOBRE OS LIBROS DE ACTAS E RESOLUCIÓN DAS ENTIDADES LOCAIS GALEGAS, sómetese a votación ordinaria o ditame transcrito da Comisión Informativa de Facenda, Economía, Patrimonio e Especial de Contas de data 13 de abril de 2023, co seguinte resultado:

-VOTOS A FAVOR: 9 PP

-VOTOS EN CONTRA: 9 (7 PBBI, 2 BNG)

-ABSTENCIÓNS: 3 (2 PSG-PSOE, 1 MIXTO-SUMA RIBEIRA)

Ao producirse un punto volve a someterse o punto da orde do día a votación ordinaria tal como estipula o artigo 100.2 do ROF, co seguinte resultado:

-VOTOS A FAVOR: 9 PP

-VOTOS EN CONTRA: 9 (7 PBBI, 2 BNG)

-ABSTENCIÓNS: 3 (2 PSG-PSOE, 1 MIXTO-SUMA RIBEIRA)

Ao persistir o empate o Pleno da Corporación acorda por **voto de calidade** da Alcaldía **aprobalo** ditame transcrito da Comisión Informativa de Facenda, Economía, Patrimonio e Especial de Contas data 13 de abril de 2023 sobre **APROBACIÓN LÍMITE DE GASTO NON FINANCIERO** en consecuencia aproba:

ÚNICO:- Establecer como límite máximo de gasto non financeiro nos Orzamentos iniciais para 2023 a cantidade de 32.791.713,38 euros.

4.-APROBACIÓN INICIAL ORZAMENTOS 2023

Dase conta e lectura ao Pleno da Corporación dun ditame da Comisión Informativa de Facenda, Economía, Patrimonio e Especial de Contas de data 13 de abril de 2023 sobre a base dunha proposta da Alcaldía de data 12 de abril de 2023 e que é do seguinte tenor literal:



“PROPOSTA DA ALCALDÍA

Preséntase así o Orzamento Xeral do exercicio 2023 para o Concello de Ribeira no que se recollen os recursos previsibles a través dos cales tratar de alcanzar os obxectivos formulados por este goberno municipal.

Por todo o exposto, propoño ao Pleno da Corporación a adopción dos seguintes Acordos:

- 1. Aprobar o Orzamento Xeral do Concello para 2023, composto polo Orzamento Municipal, por un importe nivelado en gastos e ingresos de 32.121.266,00 €uros segundo os detalles dos Estados de Ingresos e Gastos que se acompañan.*
- 2. Aprobar as Bases de Execución do Orzamento Xeral para 2023 que se achegan.*
- 3. Aprobar a aplicación do Plan de Medidas Antifraude para a xestión e execución dos Fondos NextGeneration como complemento normativo das Bases de Execución do Orzamento.*
- 4. Aprobar o cadro de persoal que se inclúe como Anexo no Expediente do Orzamento Xeral.*
- 5. Declarar o postos de traballo que se relacionan no cadro de persoal temporal como esenciais e prioritarios para levar a cabo a contratación laboral temporal.*
- 6. Aprobar o gasto anual e plurianual dos proxectos que constan no anexo de investimentos do orzamento para o 2023, así como o compromiso de habilitar crédito adecuado e suficiente no vindeiro exercicio orzamentario 2024.*

En Ribeira, a data da sinatura dixital.

O ALCALDE

Asemada dase conta dunha [emenda do BNG á totalidade](#) presentada por D. Luis Pérez Barral, do seguinte tenor literal:

“Luis Antonio Pérez Barral e Cruz Rivadulla Márquez, como concelleiros do Bloque Nacionalista Galego no Concello de Ribeira, presentamos ante o Pleno da Corporación Municipal e ante o alcalde a seguinte Emenda á totalidade aos Orzamentos de 2023.

Exposición de motivos

Os Orzamentos de Ribeira para o ano 2023, presentados polo goberno local, son unhas contas que non responden ás necesidades reais que ten a día de hoxe a veciñanza do concello. As contas que se presentan non foron obxecto de consenso nin van mellorar a calidade de vida da cidadanía ribeirense.

Desde o BNG incidimos en que o goberno local, en minoría, debe establecer as canles de participación suficientes para que todos os grupos políticos e todas as entidades sociais, culturais, deportivas e



económicas do concello poidan facer as súas achegas e decidir as partidas orzamentarias con tempo e forma.

Os Orzamentos de 2023 carecen de ambición e persisten en destinar recursos a proxectos superfluos e innecesarios, mentres que outras necesidades prioritarias seguen sen atender. Tampouco se recollen medidas que palién a grave crise económica que atravesan moitas familias e empresas do noso municipio ou que atendan ás persoas máis vulnerables.

Malia o precedente que supuxo o rexeitamento ás contas do ano 2022, o Partido Popular volve incidir en facer as cousas de maneira unilateral e sen contar con ninguén. Mentres que grupos como o BNG tendemos a man para sacar adiante proxectos e propostas positivas para Ribeira e a súa sociedade, o goberno local volve presentar uns Orzamentos feitos en exclusiva polo Partido Popular á medida dos intereses do Partido Popular.

O proxecto de Orzamentos 2023 para Ribeira debería conter, ademais, cando menos as seguintes propostas que facemos desde o BNG:

1.-Servicios públicos básicos:

Habilitar partida orzamentaria para reducir a taxa de auga e saneamento para establecer un prezo en liña co que se viña pagando antes do tarifazo aplicado polo Partido Popular.

Designar unha persoa responsábel encargada para reforzar os mantementos e garantir o bo estado das infraestruturas.

Designar unha partida orzamentaria por cada parroquia cuxo destino sexa decidido por participación veciñal.

2.-Reforzo do persoal público.

2.1.Contratación de 9 policía locais cos que achegarse á proporción que marca a lexislación.

2.2.Aumento da dotación orzamentaria para crear catro novas prazas na brigada destinada ao mantemento de infraestruturas e equipamentos públicos

3.-Economía e política social

3.1.Aumento do convenio de colaboración coa Asociación Empresarial de Ribeira coa que facilitar o financiamento das súas actividades.

3.2.Incremento dun 25% a contía destinada á Festa da Dorna pasando de 40.000 ao entorno dos 50.000 euros/ano.

3.3.Incremento de cadanseus 1.600 euros á contía destinada ás asociacións AMBAR, AMICOS, A CREBA, FAIBEN e RENACER.

3.4.Creación dunha liña de subvencións para o fomento das enerxías renovábeis destinada a particulares residentes na localidade e a pequenas e medianas empresas con sede en Ribeira.

3.5.Habilitar nas Bases de execución do orzamento a posibilidade de solicitar o anticipo do 50% da contía das subvencións concedidas.

4.-Zonas verdes e parques

4.1.Creación dun fondo destinado á posta en marcha dun plan para reverdecer Ribeira.

4.2.Habilitación dunha partida orzamentaria para a realización de aseo público no centro urbano.



5.-Mantemento e urbanismo

5.1.Incremento en 300.000 euros da partida destinada ao mantemento de parques, paseos, beirarrúas e mobiliario urbano.

5.2.Creación dunha partida destinada exclusivamente para a constitución da ARI e promoción da rehabilitación nas Áreas de Rehabilitación Integral.

6.-Tráfico e aparcadoiros

6.1.Plan de mellora do tráfico e fomento do transporte público mediante a habilitación do transbordo.

6.2.Creación dunha partida duns 100.000€ para mellorar a iluminación e a seguridade nos pasos de peóns máis transitados do municipio.

6.3.Creación dunha partida orzamentaria para mellorar o firme, iluminación e seguridade dos aparcadoiros públicos disuasorios.

6.4.Habilitar partida orzamentaria para desenvolver o estudo técnico de conversión da CP-7301 nunha estrada de circunvalación.

6.5.Garantir a municipalización do aparcadoiro do Centenario e habilitar a partida orzamentaria para a súa posta a punto.

6.6.Habilitar partida orzamentaria para cofinanciar o transporte do estudiantado universitario e de formación profesional que curse ensinanzas oficiais que non se impartan en Ribeira.

7.-Cultura e deporte

7.1.Incremento do 33% das subvencións para asociacións culturais sen fins de lucro.

7.2.Incremento das subvencións a clubs e entidades deportivas para chegar á cantidade de 130.000 euros.

8.-Reducción de gastos superfluos

8.1.Eliminación dos fondos consignados para a creación do Museo do Mar por non ser unha prioridade neste momento.

8.2.Redución dos fondos consignados a “protocolo, publicidade e propaganda de órganos de goberno”.

8.3.Habilitación de programas de autoconsumo enerxético cos que reducir os gastos en enerxía eléctrica.

Por todo o anteriormente exposto e en base a:

-Lei reguladora de facendas locais.

-Real Decreto 500/1990 polo que se desenvolve o capítulo primeiro do título sexto da Lei 39/1988, do 28 de decembro, reguladora das Facendas Locais, en materia de orzamentos.

-Regulamento orgánico municipal do Concello de Ribeira.”

O grupo municipal do Bloque Nacionalista Galego (BNG) no Concello de Ribeira presenta esta emenda á totalidade do Orzamento 2023 e solicita a devolución do Orzamentos 2023 para que sexan elaboradas unhas novas contas consensuados polos grupos da Corporación Municipal e outras entidades do municipio e nas que se teñan en conta as propostas relacionadas neste documento

Enterados/as os/as Sres/as concelleiros/as do contido do ditame, rematadas as **intervencións** nos termos que obran no **arquivo audiovisual** que incorpórase á presente acta como parte



integrante da mesma en cumprimento do disposto no DECRETO 24/2018, DE 15 DE FEBREIRO, DA VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓN PÚBLICAS E XUSTIZA, SOBRE OS LIBROS DE ACTAS E RESOLUCIÓN DAS ENTIDADES LOCAIS GALEGAS, en cumprimento do disposto no artigo 116 do Regulamento Orgánico Municipal, sómetese a votación ordinaria en primeiro lugar a emenda á totalidade do GM do BNG co seguinte resultado: (*)

-VOTOS A FAVOR: 2 BNG

-VOTOS EN CONTRA: 11 (9 PP, 2 PSG-PSOE)

-ABSTENCIÓN: 8 (7 PBBI, 1 MIXTO-SUMA RIBEIRA)

Ao ser **rexeitada a emenda**, acto seguido sométese a votación ordinaria o ditame da Comisión Informativa de Facenda, Economía, Patrimonio e Especial de Contas de data 13 de abril de 2023, co seguinte resultado:

-VOTOS A FAVOR: 9 PP

-VOTOS EN CONTRA: 12 (7 PBBI, 2 PSG-PSOE, 2 BNG, 1 MIXTO-SUMA RIBEIRA)

-ABSTENCIÓN: 0

Polo que o Pleno da Corporación acorda por **maioría absoluta** dos seus membros **non aprobo** ditame transcrito da Comisión Informativa de Facenda, Economía, Patrimonio e Especial de Contas data 13 de abril de 2023 sobre **APROBACIÓN INICIAL ORZAMENTOS 2023**.

() por erro foi sometido inicialmente a votación o ditame, procedéndose posteriormente a subsanar esta cuestión.*

En consecuencia, ao no ser aprobado o expediente relativo aos Orzamentos 2023 son retirados da orde do día os puntos nº 5 (Aprobación Plan Estratéxico de subvencións 2023) e nº 6 (Aprobación inicial expediente de suplemento de crédito 1/2023)

E sendo as **22 horas e 15 minutos** do día **18 de abril de 2023**, sen máis asuntos que tratar, o **Sr. alcalde-presidente** deu por finalizada a sesión do que, como secretario, dou fe e certifico.

O alcalde-presidente

O secretario xeral



Manuel Ruiz Rivas

Juan Manuel Salguero del Valle



FIRMANTE - FECHA		DOCUMENTO: 20231080309
MANUEL RUIZ RIVAS-ALCALDE PRESIDENTE - 25/04/2023		Fecha: 25/04/2023
JUAN MANUEL SALGUERO DEL VALLE-SECRETARIO GENERAL - 25/04/2023		Hora: 12:56
serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 25/04/2023 12:56:57		

